



M^a DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Moción ante o Pleno da Corporación Municipal, para reclamar que se adopten as medidas precisas para posibilitar a rebaixa dos prezos da gasolina ás embarcacións pesqueiras profesionais que utilizan este combustíbel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A exención de impostos sobre a gasolina é un dereito que se contempla no artigo 51.2 de Lei 38/1992, de 28 de decembro, de Impostos Especiais. Neste artigo establécese a exención do imposto sobre Hidrocarburos para todos os produtos incluídos no seu ámbito obxectivo, sen distinción, que se destinen a utilización como carburante, incluída a pesca, con excepción da navegación privada de recreo.

Neste senso, hai que lembrar que o sector pesqueiro que utiliza gasolina leva moitos anos demandando o mesmo trato que se lle outorga ao gasóleo, exento de impostos para a flota que usa ese carburante.

No noso Concello aproximadamente 400 embarcacións pertencentes ás confrarías de Riberia, Aguiño e Palmeira utilizan a gasolina como carburante. Este combustíbel, a diferenza do gasóleo, aínda contando cun tratamento fiscal específico na lexislación vixente, segue sen posuír, non só nos nosos portos, senón en todos os galegos (agás o da Coruña), un tratamento real como combustíbel profesional.

Esta marxinación obxectiva é especialmente grave nun contexto de crise económica como a que se está a padecer, tamén no sector pesqueiro, no que ademais hai tempo que se está a producir unha suba xeralizada do prezo dos combustíbeis.

Compre, pois, articular as medidas precisas tendentes a aplicar na práctica a minoración do prezo da gasolina nas embarcacións pesqueiras, a través dun mesmo tratamento fiscal, execución do imposto de hidrocarburos, que o gasóleo profesional. En xuño de 2010 un litro de gasolina custa de media 1,20 €. O prezo do litro de gasóleo pesqueiro, aplicada a exención, é de 0,51 €. A diferenza é considerábel.

Sen embargo, a experiencia levada a cabo polo sector de baixura do porto da Coruña demostra que é posíbel reducir o prezo da gasolina practicamente á metade de existir vontade política. Así, as xestións emprendidas permiten, só neste porto, o subministro de gasolina considerada como combustíbel profesional.

Esta experiencia debe ser trasladada aos portos de Ribeira polo ben e o futuro do noso sector de baixura. Non é aceptábel que existindo a posibilidade de rebaixar substancialmente os prezos dos combustíbeis pola vía legal, non se adopte ningunha medida ao respecto por falta de iniciativa institucional e vontade política tanto da Xunta de Galiza como do propio Concello.



Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

A C O R D O :

1. Que o Pleno do Concello inste á Xunta de Galiza a adoptar as medidas precisas para posibilitar a aplicación práctica da legalidade vixente a fin de acadar a consideración real da gasolina como combustible profesional e, deste xeito, posibilitar a rebaixa dos prezos da gasolina ás embarcacións pesqueiras profesionais que utilizan este combustible no noso Concello.
2. Que se solicite a posta en marcha dun programa de instalación de depósitos e surtidores de gasolina nos portos galegos, no que se inclúan os de Ribeira, que permita a subministración de gasolina ás embarcacións coas exencións fiscais previstas na lei.
3. Que o goberno municipal estableza, con estes obxectivos, negociacións entre a Consellaría do Mar, empresas subministradoras, Ente Público Portos de Galiza, e representantes do sector pesqueiro de baixura de Ribeira.

Ribeira, 18 de xuño de 2010

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA